

MANIFESTO

Compártase ou non, hoxe podemos comprobar todos os días como a evolución social do deporte acabouno convertendo nun referente importante para cohesionar colectividade e reafirmar sentimentos comúns que comparten moitos homes e mulleres en distintos ámbitos, sexan de carácter local, nacional, ou estatal. Daquela a relevancia simbólica que teñen acadado as manifestacións deportivas de diversa índole transcende, en non poucas ocasións, o meramente deportivo para convertelas en fenómenos de masas, de afirmación de vínculos colectivos, de reforzamento da autoestima, e mesmo da capacidade para afrontar retos noutros ámbitos. As seleccións nacionais deportivas son pois un sinal de identidade.

Parece evidente que a relevancia na revalorización deses aspectos “intanxíbeis” que as manifestacións deportivas teñen acadado, ten motivado que en todos os países desenvolvidos se atendan dende os poderes públicos de xeito moi significativo a presenza das representacións propias nos distintos ámbitos.

Nos países que precisan mesmo por necesidades políticas, económicas, sociais e culturais fortalecer os vínculos de autoestima colectiva, pola transcendencia social que as manifestacións deportivas teñen acadado, debería terse unha atención preferente das autoridades dese ámbito para fortalecer a presenza propia.

Así, en Galiza, tíñanse dado pasos, no recente pasado, tamén nesa dirección, coa presenza de seleccións nacionais en distintos acontecementos deportivos, que supuxeron un salto, aínda que simbólico, de gran relevancia cualitativa. E con unha importante e favorábel acollida social.

Dende o primeiro encontro da selección masculina de fútbol, a Irmandiña, no ano 2005, todos os anos sucedéronse presenzas que abrangueron tamén a outros deportes, as seleccións femininas e a selección de discapacitados.

Nas audiencias dos partidos de fútbol televisados acadábanse cotas de pantalla de moita relevancia e o impulso das seleccións femininas supuxo en algún caso un notábel incremento das licencias federativas.

Pois ben, a actual Xunta, no ámbito das seleccións nacionais deportivas así como en outros sinais de identidade, ten unha política de desandar o camiño andado e pretende facer desaparecer as distintas manifestacións que representen a afirmación de Galiza como proxecto colectivo nacional diferenciado.

Utilízase para esta agresión aos sinais de identidade un argumento falaz de índole

económica cando se sabe que o balanço de todas as presenzas deportivas das seleccións nacionais nestes anos, contando patrocinios, dereitos de retransmisións, e entradas, produciu resultados positivos en algún caso, e dende logo si se contan as presenzas en distintos deportes e seleccións ao longo dos distintos anos o balanço sería enormemente positivo en comparación co que se acostuma a gastar polos poderes públicos noutros territorios en potenciar acontecementos similares.

Pero evidencia, que se trata de unha coartada para xustificar un posicionamento ideolóxico de quen pretende minimizar calquera sinal de identidade de Galiza como proxecto nacional, cando non se ten reparo en apoiar con grande cantidade de recursos sociedades anónimas deportivas ou recorrer a deportistas de grande fama non galegos aos que se lle pagan contratos cuantiosos para publicitar o Xacobeo.

En definitiva unha cousa sería manter os encontros das seleccións nacionais deportivas e realízalos axustándose tamén ao actual cenario económico, cousa que sería posíbel mesmo con superavit ou cun gasto público mínimo, e outra moi distinta a supresión das presenzas da “Irmandiña”. En definitiva o custe económico é irrelevante se se ten presente os obxectivos aos que contribúen estes eventos, pero, ademais, se se fan adecuadamente as cousas, mesmo non ten por que representar un desembolso significativo para o erario público.

Por iso hoxe queremos reivindicar o mantemento dos encontros das seleccións nacionais deportivas galegas, e facer unha chamada de atención aos actuais gobernantes da Xunta, para que non desanden o camiño andado. O dar pasos adiante na presenza de seleccións deportivas galegas con toda seguridade representa un fortalecemento de todo o deporte galego dende a base até a elite, como xa ocorreu nestes derradeiros anos.

Curiosamente tivemos que escoitar dalgún dirixente do partido que sustenta o goberno descualificacións graves á presenza da representación galega en eventos deportivos, cun desprezo que nunca se atrevería facer coa representación do seu concello e, por suposto, tampouco coa representación estatal. Só se atreven a tentar ridiculizar as representacións deportivas do ámbito nacional, evidenciando que se responde a unha estratexia de desvalorización colectiva de todo o simbólico de carácter galego.

Facemos pois un chamamento a todos os homes e mulleres do deporte en Galiza, a todos os clubs e asociacións, a todas as federacións e a toda a sociedade en xeral, a reaxir

ante esta política de agresión ou desvalorización de todos os sinais de identidade de Galiza como proxecto colectivo diferenciado, e reclamar con forza que todo o que represente fortalecemento colectivo no plano deportivo significará tamén pasos adiante na nosa autoestima colectiva no plano da cohesión social económica e cultural.